

Planificación lingüística e dinamización: reflexións sobre o modelo de normalización lingüística en Galicia

*Anxo M. Lorenzo Suárez
Departamento de Filoloxía Galega
Universidade de Vigo*

Publicado en *Dinamización e normalización lingüística* (editado por A.M. Lorenzo Suárez), Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade, pp. 101-29.

Introducción

O contido destas páxinas responde a distintos intereses de carácter teórico e práctico que xorden da análise dalgúns aspectos do proceso de normalización social e lingüística da lingua galega. Tras máis de dez anos desde a aprobación da Lei de Normalización Lingüística, e coa publicación dos dous primeiros volumes do Mapa Sociolingüístico de Galicia, estamos nun momento que debe ser propicio para a reflexión sobre a situación, o alcance e, quizais, os límites do proceso normalizador da lingua galega. Neste traballo pretendemos incidir no compoñente avaliativo sobre os resultados do proceso normalizador, e ademais queremos presentar un conxunto de perspectivas sobre o artellamento das actividades normalizadoras, coas que pretendemos contribuír á formulación de tarefas que provoquen cambios cualitativos no uso e nas actitudes sobre a lingua galega.

O proceso de normalización dunha lingua pode ser observado, entre outras perspectivas salientables, desde dous planos: en primeiro lugar, a observación do artellamento e da xestión dos recursos que se mobilizan para cumprir co obxectivo de normalización (é dicir, a análise dos recursos dos que se dispón e dos que se poñen en marcha para as distintas actividades, os obxectivos que se perseguen coas accións programadas, os axentes que levan adiante as diferentes partes do proceso, etc.); en segundo lugar, a observación das consecuencias lingüísticas e socioculturais do proceso normalizador e a avaliación que del realizan os diferentes actores sociais: políticos, intelectuais, actores socio-económicos, sindicais, persoeiros locais, etc.

A primeira reflexión suscitada trala observación xeral do artellamento das prácticas normalizadoras foi a insatisfacción con boa parte das actividades

organizadas co fin de cumprilo obxectivo de “facer normal” a lingua galega, insatisfacción debida á pouca rendibilidade social que se consegue coas accións normalizadoras e debido ós limitados efectos lingüísticos, sociais e culturais acadados con tal tipo de actividades: desde a observación de que a maior parte das actividades normalizadoras están centradas unicamente nos aspectos correctores e tradutores, ata a constatación de que as actividades formativas, tendo un papel central, alcanzan unha incidencia moi limitada sobre o cambio das aptitudes lingüísticas dos usuarios e aprendices da lingua, pasando pola carencia dunha perspectiva que integre nun marco xeral, coherente e planificado tódalas actividades normalizadoras que se levan a cabo nun colectivo, organización, empresa, entidade local, etc.

Na raíz desta avaliación insatisfactoria co contido das actividades normalizadoras está primeiramente o feito de que non se produza explicitamente unha definición e un artellamento global dun programa de planificación lingüística consciente e diversificado, que integre actividades e que permita deseña-las accións pertinentes nas distintas fases do proceso normalizador. A avaliación socio-política desta situación remite a un certo desleixo institucional e a unha falta de preocupación prioritaria polos aspectos lingüísticos derivados do contacto entre galego e castelán, e esta falta de priorización, aínda que merecería unha análise máis completa e diversificada, apunta na dirección dunha acción institucional implícita sen planificación.

Ademais da escasa rendibilidade e dos pobres resultados prácticos conseguidos, nas actividades desenvolvidas botamos de menos unha perspectiva normalizadora que incardine tal proceso na construción dunha identidade social moderna e integradora; tampouco atopamos pegadas dun horizonte de traballo normalizador que contemple esoutra perspectiva de carácter funcionalista baseada no concepto de organización. Aínda que un dos puntos de partida deste traballo, como xa sinalamos antes, foi analizar distintas insatisfaccións co desenvolvemento xeral do proceso normalizador, a reflexión sobre o contido das accións e das actividades normalizadoras pensadas a partir da construción comunitaria e do concepto de organización levounos a reflexionar sobre boa parte dos alicerces nos que se basea a xestión normalizadora en termos de dinamización lingüística, concepto cunha potencialidade para a normalización da lingua galega que convén debullar con certo vagar. A incidencia nunha perspectiva tanto expresiva coma instrumental, perspectivas que deberían estar presentes no contido dun marco planificador para a lingua galega, non é en absoluto excluínte, senón necesariamente compatible e complementario.

Moitos dos elementos nos que incidiremos aquí son ben coñecidos polos técnicos de normalización lingüística que traballan nos servizos de normalización lingüística constituídos en concellos, empresas, ou noutras institucións e organismos, e son aspectos en xeral coñecidos tamén por todos aqueles que conviven co labor diario da xestión e do labor normalizador. A nosa será unha ollada con vocación xeneralista e teórica, co obxectivo de mostrar unha perspectiva integrada que non pretende substituír senón polo contrario complementar, axudar e, na medida do posible, enriquecer contidos e reflexións que se suscitan con toda intensidade nos problemas que se presentan na xestión directa e diaria das actividades normalizadoras.

1. O modelo de normalización lingüística en Galicia

A planificación lingüística é a disciplina sociolingüística que enmarca os labores vinculados coa resolución social dos problemas sociolingüísticos dunha comunidade. Neste sentido convén lembrar, aínda que sexa brevemente, que a situación social e lingüística da lingua galega son aspectos que entran directamente na cerna da planificación lingüística dos usos, hábitos, actitudes, etc. dos cidadáns de Galicia.

No contexto das actividades de planificación lingüística, a normalización lingüística insírese nos esforzos sociais destinados a restablecerlle a “normalidade” a unha lingua que xa non ten presenza normal na comunidade onde noutros contextos históricos era a variedade lingüística única ou prioritaria. Tendo en conta que podemos defini-la “normalidade” en termos de función e de forma lingüística, tendemos a entende-la normalización como un proceso xeral que abrangue a extensión social e a codificación formal da súa estrutura. Con todo, a normalización adoita ser definida como un proceso que atingue ó estatus da lingua, mentres que os problemas vencellados ó corpus da lingua están contidos na normativización¹ da lingua. Neste sentido, normativización e normalización encaixan na distinción establecida polos parámetros planificadores establecidos por H. Kloss e teorizados tamén por Einar Haugen cos termos de planificación do corpus e planificación do estatus dunha lingua.

¹ Véxase Branchadell (1987, p. 38), para observa-la relación xerárquica entre estatus e corpus no desenvolvemento das actividades planificadoras. Tamén é interesante a reflexión realizada por Cobarrubias (1988, p. 159) sobre a relación entre a "estandarización" (proceso nomeadamente lingüístico e formal), e proceso normalizador (extensión do uso). Finalmente, véxase tamén Rodríguez Yañez (1993), para unha unha reflexión sociolingüística sobre ámbolos procesos de codificación e de extensión social aplicados á lingua galega.

O obxectivo da normalización lingüística², tendo en conta o dito anteriormente, será “*que unha lingua poida cumprir-la “plenitude” das súas funcións sociais e culturais*”. O que non sempre queda totalmente claro é que debemos entender por “plenitude”: que a lingua propia estea presente en tódolos ámbitos posibles, que sexa maioritaria en tódolos ámbitos, ou que sexa exclusiva en tódolos ámbitos; neste sentido queda para o debate e a discusión pertinente no modelo normalizador bosquejado cal é o obxectivo que a normalización lingüística, nunha situación ideal, debe cumprir.

Aínda así, e con respecto á necesidade das actividades normalizadoras, partimos dun modelo no cal a normalización se activa unha vez que se detecta algún tipo de déficit social ou lingüístico na interrelación entre tres aspectos: as funcións lingüísticas da sociedade, o sistema lingüístico, e as funcións sociais da lingua.

Imos realizar neste apartado unha análise do contido das actividades normalizadoras e das prioridades e centros de interese que fundamentan aquelas actividades na comunidade galega. Para comprendérmolas mellor, centrarémola nosa atención na realidade sociolingüística que enmarca a realización daquelas actividades. Polo tanto, o obxectivo é avanzar unha avaliación das accións normalizadoras desenvolvidas, é dicir, se os resultados poden ser definidos como éxitos ou como fracasos relativos, e se se adecuan ós obxectivos de partida. Un dos obxectivos de realizarmos unha revisión das actividades normalizadoras é incidir precisamente neste compoñente avaliativo, tan necesario e útil cando queremos desenvolver con éxito un proceso sociocultural amplo e complexo como debe se-la normalización lingüística.

Con respecto á definición dos contidos e obxectivos da normalización da lingua galega en particular, aínda que todos tendemos a sobreentender tanto o significado coma o alcance do termo, o proceso de normalización admite múltiples interpretacións e pode ser abranguido desde diferentes perspectivas polos axentes sociais, políticos, económicos, etc. Por dicilo doutro xeito, a normalización lingüística é un concepto ó que se lle poden atribuír significados diferentes e moitas veces eses significados chegan a ser abertamente contradictorios en función de quen define a situación. Ademais, entendemos que

² Para o concepto de normalización, véxase o traballo pioneiro de Aracil (1965). Dentro da ampla bibliografía dispoñible sobre este aspecto, véxase Branchadell (1987) e Argente (1992).

o deseño dunha programación normalizadora non pode ser independente do propio concepto de normalización que manexemos³.

Sendo iso certo, imos centra-la nosa atención nunha perspectiva ancorada na vertente técnica e planificadora, e daremos por entendido que o proceso de normalización que se está a desenvolver en Galicia se constrúe a partir duns determinados obxectivos, e para conseguilo cumprimento deses obxectivos póñense en marcha un conxunto de accións, iniciativas e contidos normalizadores, mediante unha vertebración orgánica determinada. Polo tanto, dentro da normalización encadramos todas aquelas actividades, iniciativas e accións encamiñadas a potencia-la presenza da lingua galega nos distintos ámbitos sociais, económicos, culturais, etc, e consideraremos tamén no marco normalizador os medios humanos técnicos e económicos que se poñen en funcionamento para cubrir aquelas iniciativas que perseguen a finalidade principal de facer da lingua galega o medio “normal” e habitual de expresión social dos membros da comunidade.

Falamos dun modelo de normalización lingüística aplicado á extensión da lingua galega pode resultar difícil xa que non cremos que se poida definir un modelo explícito de tales características. Ó establecemento dun modelo de normalización supónselle unha tarefa inicial de planificación, e o desenvolvemento de accións e de actividades que sigan aquela programación. Nada diso se deu ou se está a dar en Galicia desde a aprobación da Lei de Normalización Lingüística no ano 1983. O que si podemos definir, sen embargo, é unha situación sociolingüística de partida, e un conxunto de accións que intentan incidir na extensión dos recursos formais e funcionais da lingua galega no seu territorio. Neste sentido si podemos falar de modelo, entendido como un conxunto de liñas de actuación con determinadas repercusións sociais, políticas, culturais e, por suposto, lingüísticas. Tendo en conta que planificación e política lingüística son conceptos diferentes (véxase a nota 3), e tendo en conta tamén as catro combinacións posibles entre a realización ou non dunha política e dunha planificación lingüística, o feito de que se estea a producir unha actividade normalizadora baseada na xestión dun conxunto de actividades illadas, espalladas e independentes permítenos indicar que o modelo normalizador organizado

³ Appel & Muysken (1987, p. 47) sinalan que “a planificación lingüística é de feito unha parte, ou a realización, dunha política lingüística: o goberno adopta unha determinada política en relación ás lingua(s) falada(s) no país, e intentará levala a cabo en forma de planificación lingüística”.

institucionalmente realiza unha determinada política lingüística implícita pero coa ausencia dunha planificación, explícita ou implícita.

Todo modelo normalizador, aínda que non sexa explícito como ocorre en Galicia, parte dunha realidade sociolingüística que pretendemos transformar. A realidade sociolingüística insatisfactoria constitúe xa que logo o punto de partida da perspectiva normalizadora xeral e das actividades concretas que se realizan. Noutras palabras, nas accións de normalización da lingua galega latexa un conxunto de prioridades derivadas dunha percepción da situación sociolingüística na que se atopa o galego, percepción que, como veremos máis adiante, pode ser cuestionable nalgúns puntos. E se as consideración de partida son cuestionables, as medidas tomadas poden ser ineficaces, limitadas ou mesmo contraproducentes.

1.1. Esquema inicial

A realidade sociolingüística definida nun primeiro momento partía da consideración dun proceso substitutorio pouco avanzado, que permitía observar un nivel de uso importante da lingua galega. Con respecto a isto hai que lembrar que moitas das fontes cuantitativas para o coñecemento do número de galego-falantes⁴ indicaban unha porcentaxe esmagadora daqueles, limitándose a manifestar que esas porcentaxes non eran homoxéneas nin territorial nin socialmente. A carón desas cifras, razoamentos como o que efectuaba Alonso Montero semellaban demasiado "dramáticos" e pouco realistas. E sen irmos tan atrás, os datos do Instituto Galego de Estatística⁵ sobre as preguntas lingüísticas do *Censo de Poboación e Vivenda* de 1991 fornecen unha realidade macrosocial moi positiva para a oralidade da lingua galega. Con todo, sinalábase que os galego-falantes manifestaban unha competencia escrita e lectora moi deficiente, propia da falta de alfabetización na lingua.

Atendendo ós datos demográficos e censuais, segundo os cales o uso da lingua galega mantiña unhas porcentaxes importantes no tocante á frecuencia de uso, e considerando que os datos de coñecemento da lingua galega aportaban unha realidade ben coñecida no tocante a coñecemento escrito, oral e lector, o proceso normalizador centrouse na extensión dun proceso formativo para que os

⁴ Neste sentido, Ayestarán & De la Cueva (1974), unha das fontes paradigmáticas, indicaban que o 65% das amas de casa da provincia de Pontevedra eran bilingües co galego como lingua orixinaria, e o 16% eran monolingües en galego. Mesmo posteriormente, Del Campo, Navarro & Tezanos (1977) sinalaban que o 81,4% dos residentes en Galicia con máis de 18 anos falaban *habitualmente* galego.

⁵ Véxase IGE (1992).

cidadáns acadasen un nivel de coñecemento da lingua galega que lles permitise facer un uso pleno dela sobre todo fomentando a competencia escrita e lectora.

Tendo en conta a interpretación da realidade sociolingüística galega que acabamos de bosquejar, a concepción predominante facía do proceso de normalización un problema basicamente de competencia e de aprendizaxe: é dicir, un proceso de corrección formal e de formación lingüística, actividades relacionadas co nivel de competencia e de corrección lingüística. Para superar esas deficiencias, a primeira etapa sería a traducción castelán > galego, despois a incidencia na corrección formal dos textos en galego (centrada principal e case unicamente na lingua escrita), e o terceiro aspecto sería a formación dos usuarios da lingua mediante a mellora da competencia escrita para conseguiren unha destreza lingüística que lles permitise ós galego-falantes consolidaren as outras dúas competencias (a oral e maila lectora), e ós castelan-falantes achegárense ó uso da lingua galega oral a través do dominio do galego escrito.

Cadro nº 1. Esquema xeral da normalización lingüística en Galicia

aspectos sociolingüísticos iniciais

- competencia escrita e lectora baixa
- uso social alto
- actitudes lingüísticas negativas

actividades normalizadoras

- corrección lingüística escrita
- traducción castelán > galego
- formación/aprendizaxe da lingua escrita

mecanismos

- corrector/traductor
- profesor de lingua galega
- pouco servicios lingüísticos unipersoais

O terceiro aspecto tralo uso e a competencia lingüística, as actitudes lingüísticas, quedaba un tanto á marxe de todo o proceso, aínda que se asumían tendencias actitudinais negativas cara ó galego e se advertían dificultades para

conseguir un cambio doado en tal tipo de actitudes subxectivas negativas sobre a lingua e sobre os grupos sociolingüísticos galego-falantes.

Desde o punto de vista dos mecanismos para desenvolve-las actividades con finalidades formativas e correctoras, o proceso normalizador vehicúlase por medio de profesionais cualificados encargados de resolveren dúbidas lingüísticas, e de serviren de intermediarios entre un obxecto como a lingua galega e os seus usuarios aínda non plenamente preparados para o emprego de rexistros escritos da lingua. Ademais, unha figura central neste esquema é o profesor de lingua galega, función con frecuencia desempeñada pola persoa con labores correctores e tradutores. E finalmente, para estas tarefas actúase desde a configuración dun servizo de normalización unipersoal, que en teoría podería dar conta de tódalas actividades sinaladas anteriormente.

1.2. Dúas Ausencias

Unha das primeiras análises que suscita un escenario sociolingüístico como o que acabamos de comentar é que constatamos nel a ausencia de elementos que xulgamos centrais no desenvolvemento xeral da xestión normalizadora. En concreto, e aceptando que o marco interpretativo é correcto, dous son os aspectos que máis botamos en falla.

Unha primeira ausencia, con repercusións sociolingüísticas nucleares no modelo de funcionamento normalizador que analizamos, é a falta dunha incidencia social máis poderosa e fonda das actividades realizadas en termos de extensión do uso e en termos da modificación efectiva das actitudes lingüísticas, aspectos que se ben non están completamente abandonados, non son en ningún momento un obxectivo prioritario e central das actividades normalizadoras.

Hoxe é xa evidente, como podemos comprobar sen dificultade, que para incidir na extensión dos usos orais do galego non abonda con buscar nos falantes unha competencia falada e escrita óptima. Exemplos que nos permiten manter esta afirmación sobre a falta de relación directa entre competencia e uso témolos abundos: para un individuo nacido nunha familia na cal os pais xa consumaran o proceso de substitución lingüística cara ó castelán, a chegada ó galego é un proceso que non se pode activar coa simple aprendizaxe da lingua escrita. Para este tipo de casos, cada vez máis común entre os falantes novos urbanos, a perspectiva normalizadora debe incidir noutro tipo de contidos máis vencellados coa potenciación da capacidade oral en diferentes rexistros do galego, no tocante

á competencia lingüística, e baseado en actividades formativas en sentido amplo, entendendo por tales a sensibilización e a inserción da aprendizaxe lingüística no marco máis amplo de normalización socio-cultural (véxase o apartado 2. dedicado á dinamización lingüística).

En segundo lugar, carecemos dunha avaliación dos resultados conseguidos a partir das experiencias de formación, e da efectividade das accións de corrección lingüística. Esta carencia ou ausencia relaciónase coa falta total de avaliación que se está a producir en tódolos puntos da xestión normalizadora.

Desde a perspectiva dunha actividade minimamente planificada e da cal pretendemos tirar un beneficio común e diferentes tipos de utilidade práctica, a avaliación dos resultados das actividades emprendidas é unha tarefa central da programación, xa que supón non só medi-los resultados concretos das actividades desenvolvidas, senón que permite unha reflexión continua sobre o artellamento global das actividades que intentamos levar adiante, así como un coñecemento mínimo, pero esencial, da viabilidade, interese e aceptación social da programación levada a cabo.

1.3. Consecuencias

As consecuencias que podemos apuntar das ausencias e das presencias que se extraen a partir do modelo normalizador bosquexado no cadro 1 artéllanse, a modo de proposta descritiva, en catro grandes bloques que requiren unha análise en profundidade, e que simplemente caracterizaremos dun xeito xenérico e taxonómico⁶.

a) o contido das actividades normalizadoras presentan unha redución cualitativa cara ás accións de corrección, de tradución e de formación lingüística.

b) con ser unha redución preocupante, nin tan sequera supuxo unha práctica efectiva e dinámica xa que os obxectivos pretendidos non se chegan a cumprir por dous motivos: i) unha situación sociolingüística máis complexa e diversificada; ii) diferentes tipos de carencias materiais e humanas.

c) a falta dunha perspectiva global das intervencións normalizadoras, e globalizante na súa posta en práctica, son dúas características implícitas na

⁶ Para un tratamento destas cuestións con máis amplitude, pódese consultar Bouzada & Lorenzo (en realización).

xestión normalizadora. Por unha banda, as actividades carecen de planificación e de programación, e, por outra banda, carecen de integración e de complementariedade para tentar incidir na modificación efectiva da nosa realidade sociolingüística. Estas actividades, entre as que podemos sinalalo asesoramento, a sensibilización, a formación específica e maila de tipo xeral, e a extensión do uso social, deben ser actividades que se implementen dun xeito integrador, fuxindo das accións dispersas e puntuais, xa que tanto desde a perspectiva teórica coma desde a posta en práctica desas actividades desde, por exemplo, un servizo lingüístico é necesario enfoca-las nosas actividades como un todo planificado e complementado, no cal a formación, o uso, e as actitudes estean claramente vencelladas e non se convertan en actividades sen comunicación e sen retroalimentación.

d) finalmente, non podemos pasar por alto outra limitación, como é a inexistencia dunha programación plurianual ou un plano de funcionamento que conteña, por exemplo, uns obxectivos xerais e específicos con distinta periodización para o seu cumprimento, a enunciación de obxectivos explícitos, e as fases de avaliación dos resultados conseguidos coas diversas actividades. Esta programación tería a virtualidade, entre outras, de poder ser presentada á sociedade civil de poder ser asumida polos distintos axentes sociais, culturais, económicos, etc, como un obxectivo colectivo que precisa da colaboración de tódalas partes⁷.

1.4. Esquema de traballo alternativo/realista

Este esquema de traballo, que anque baseado nunha perspectiva sociolingüística cuestionable quizais tivo certas virtualidades e unha relativa utilidade durante o comezo do proceso normalizador, presenta hoxe aspectos difíciles de manter por tres motivos concretos: en primeiro lugar, debido á parcialidade da configuración sociolingüística de partida, en segundo lugar, debido ós efectos prácticos e reais dos labores nos que se centra, e en terceiro lugar, debido tamén ás ausencias importantes que supón cingirse case en exclusiva ós aspectos competenciais e correctores.

⁷ Para evita-la extensión excesiva deste traballo, non comentaremos outros aspectos tan importantes como son, por exemplo, a definición dos axentes da normalización e, relacionado directamente con este tema, o perfil profesional, académico e laboral dos técnicos normalizadores. Para estes aspectos véxase Bouzada & Lorenzo (en realización).

*Cadro nº 2. Esquema de partida para as actividades normalizadoras en Galicia**aspectos sociolingüísticos*

- niveis diferenciados de competencia lingüística
- proceso de substitución con diferentes ritmos
- persistencia de estigmas sociolingüísticos
- vitalidade etnolingüística baixa

formación lingüística

- “públicos” diferenciados
- disociación entre aprendizaxe e uso
- limitacións didácticas, pedagóxicas e materiais

actividades de corrección lingüística

- medios materiais escasos
- carencia de material especializado

No cadro 2 presentamos un esquema diferente da realidade sociolingüística de partida e das situacións das que debe parti-lo proceso normalizador. No primeiro aspecto sinalado, a interpretación realizada dos aspectos sociolingüísticos de partida é, cando menos, cuestionable e parcial. A realidade lingüística reflectida no cadro 1 remitía a unha situación relativamente estable propia dun contexto diglósico, tal como temos na definición clásica de Charles Ferguson, é dicir, unha situación de separación funcional e de compartamentalización dos grupos sociolingüísticos⁸. Resulta difícil manter hoxe que a situación da lingua galega sexa diglósica, feito que quizais puido ser así ata hai pouco e se cadra en certas partes de Galicia e entre determinados grupos sociolingüísticos aínda o é.

A realidade que se manifesta trala observación do segundo volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia⁹, dedicado ós usos lingüísticos, oríntase polo contrario cara a un proceso substitutorio en marcha que se artella con diferentes ritmos e intensidades en función de diversos trazos socioculturais. En todo caso,

⁸ Véxase Ferguson (1959); para unha revisión crítica do concepto e da súa utilización posterior, véxase Fernández (1995).

⁹ Véxase Fernández Rodríguez & Rodríguez Neira (coords.) (1995).

sen entrarmos na interpretación destes datos aquí, cremos que non é argumentable que o proceso de fondo que define a situación sociolingüística da lingua galega sexa un contexto diglósico, situación de relativa estabilidade funcional e que garante un certo uso informal e familiar da lingua. Neste sentido o contexto diglósico sempre foi visto como un reparto funcional que favorecía xa que logo o mantemento lingüístico. Polo contrario, hoxe en día a estabilidade entre os usos informais asociados co galego e os formais asociados co castelán non é tal, dado que o galego se configura como unha variedade lingüística apta para todo tipo de usos sociais, e o castelán penetra con forza en áreas e con funcións que deica agora eran patrimonio exclusivo do galego. Neste sentido estamos nun contexto de substitución lingüística xeral e de fondo, proceso que en función do éxito ou do fracaso do proceso normalizador pode ter nun prazo longo dúas resolucións: a normalización da lingua ou a asimilación, ou dito con outras palabras, que a lingua sobreviva ou que desapareza.

No tocante ás actitudes, a avaliación xeral tende a cambiar pero segue sendo pouco positiva: os vellos estigmas de ruralidade e de falta de prestixio social seguen estando asociados coa lingua galega, aínda que sería necesario detérmonos nesta cuestión con máis vagar. Ademais, se acudimos a medidas actitudinais de carácter macrosocial como pode se-la vitalidade etnolingüística percibida, a situación da lingua galega non deica de ser preocupante.

Polo tanto, na medida en que podemos detectar doadamente carencias importantes no uso da lingua e nas actitudes sociolingüísticas, é un erro de partida reducírmo-lo alcance e mailo obxectivo da normalización ás actividades que incidan soamente na modificación da competencia e na aprendizaxe formal da lingua.

En segundo lugar, convén analizármolos resultados das prácticas formativas, un dos aspectos centrais do esquema de traballo sinalado anteriormente. A pesar de non contarmos cunha avaliación dos seus resultados, as actividades formativas parecen ter unha influencia moi limitada sobre a modificación real da competencia lingüística dos usuarios da lingua e aínda menos conexión co uso lingüístico. Os motivos son varios, e no cadro 2 apuntamos tres aspectos dos que consideramos máis salientables: a presenza de “públicos” diferentes para as prácticas formativas, a frecuente disociación entre

aprendizaxe e uso efectivo da lingua, e as limitacións didácticas, pedagóxicas e materiais¹⁰.

Os niveis de competencia lingüística non son iguais para toda a poboación, senón que polo contrario atopamos individuos e grupos sociolingüísticos con niveis diferenciados. Así tamén o podemos comprobar coa consulta do primeiro volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia¹¹, no cal temos unha radiografía da distribución da lingua inicial e das diferencias no nivel de competencia lingüística en Galicia. O feito de que se dea ensino *en* e *do* galego leva a niveis variados de coñecemento pasivo e activo. Como exemplo indicativo a este respecto, podemos sinalar que na Universidade de Vigo, a partir dos datos da Enquisa Sociolingüística realizada en 1995¹², mentres que a porcentaxe de PAS e de profesores con cursos de lingua galega non sobrepasa o 20% en ningún dos dous colectivos, no sector de alumnos realizáronse cursos de galego o 90%. Velaquí unha diferenza formativa que, entre outras cousas, indica necesariamente a existencia de grupos de idade diferenciados no tocante á formación e, por suposto, ás necesidades lingüísticas de formación en galego.

Outro aspecto que incide negativamente sobre os aspectos formativos e directamente relacionado co anterior é a carencia dunha formación diversificada: se os “públicos” que requiren formación lingüística son diferentes, as necesidades de aprendizaxe tamén o serán.

A escrita é o único aspecto competencial que se contempla, e tendo en conta a realidade sociolingüística dos niveis de uso isto non abonda con incidir soamente na práctica escrita. Ademais, disóciase abertamente entre a aprendizaxe da escrita e da fala, co cal, no mellor dos casos, se pretende obter unha poboación perfectamente formada na lingua galega pero sen que ese nivel de competencia estea en relación cun uso real e efectivo.

As carencias no tocante a material, enfoques pedagóxicos, e atención ós distintos grupos de alumnos con necesidades formativas diferenciadas, etc., son todas deficiencias que teñen repercusións sobre os resultados das actividades de formación desenvolvidas. As limitacións que detectamos non son exclusivas das actividades de aprendizaxe para adultos xa que noutros ámbitos de formación tamén se detectan precariedades comparables cando se cuestiona, por exemplo, o exceso de teoría, a concentración exclusivista na descrición do sistema, e o

¹⁰ Fernández (1993, p. 50) sinala as limitacións da autovaloración sobre a competencia lingüística que teñen os máis novos, malia a presenza do galego na escola.

¹¹ Véxase Fernández Rodríguez & Rodríguez Neira (coords.) (1994).

¹² Véxase A. Vaamonde (coordinador) (1996, a saír).

predominio excesivo da lingua escrita¹³. Se as críticas que acabamos de sinalar están dirixidas ós criterios pedagóxicos que rexen na aprendizaxe escolar da lingua galega, nos contextos de educación para adultos ós que nos referimos aquí vemos con máis claridade as eivas e as limitacións que presentan as actividades formativas nese ámbito, dado que tentamos transmitir eses coñecementos a sectores da poboación non alfabetizados en galego.

En terceiro lugar, e con respecto ás tarefas de corrección lingüística, aínda que é un aspecto importante do labor normalizador, non pode seguir desempeñando un papel central da normalización. E ademais, tampouco podemos avaliar con excesivo optimismo os resultados prácticos deste aspecto. En boa lóxica, a corrección supón unha tarefa de asesoramento básico ós usuarios que se atopan en situación de aprendizaxe inicial ou intermedia, e a medida que a aprendizaxe avanza, os labores de corrección deberían tender a diminuír. Ademais, a corrección cómpre situala nas tarefas de asesoramento lingüístico, e a falta de medios para realizar ese tipo de actividades fai que a corrección estea con excesiva frecuencia vencellada a actitudes paternalistas e rutinaristas que eivan a utilidade dese tipo de prácticas correctoras. Ademais sería sen dúbida máis práctico desde tódolos puntos de vista formular actividades correctivas por medios informáticos e telemáticos, de maneira que o técnico normalizador pasase de ser un mero corrector a un organizador e deseñador de actividades de corrección lingüística. E desde o punto de vista dos usuarios da lingua, a corrección convertiríase nun exercicio de autocorrección, coas vantaxes que este tipo de enfoque ten sobre a progresión da formación e da aprendizaxe.

2. Apuntamentos de futuro: elementos sociolingüísticos para os labores de dinamización lingüística

A partir dos comentarios, críticas e suxestións realizadas sobre o esquema que vén enmarcando o labor normalizador da lingua galega, cremos que necesitamos de seguido situar a xestión da normalización nun marco amplo que permita actuacións planificadas nas que se integren coherentemente as distintas actividades de asesoramento, formación, sensibilización, extensión do uso, etc, de maneira que poidamos solucionar algunhas das eivas e das limitacións sinaladas no apartado anterior. O noso punto de partida é que a acción normalizadora debe

¹³ Véxase Xove (1994, p. 63).

tender a incidir nunha acción planificada e integrada, onde tódalas accións desenvolvidas teñan un obxectivo que cumprir, e que contén para levalas adiante co artellamento dun conxunto definido de actividades que abranguan os eixes de actuación comentados anteriormente. Ademais, como corolario necesario, tódalas accións deben estar integradas nun plano de traballo amplo e diversificado.

Con esta perspectiva, sen lle negarmos ás actividades de corrección e de asesoramento lingüístico o lugar específico que teñen na xestión normalizadora, orientamos boa parte do esforzo de lexitimación e de restauración social da lingua galega cara a dous tipos de actividades: as que fomenten a extensión e a diversidade dos usos da lingua, e as que tendan a incidir con decisión na desactivación dos estigmas sociolingüísticos que aínda pesan sobre a lingua galega.

2.1. A perspectiva da dinamización lingüística

EsteS dous eixes de traballo abranguerán tamén, como parte do seu contido, actividades de formación, información, asesoramento e corrección lingüística, pero o eixe central ha de ser aquel orientado cara ás actividades do que se tende a denominar *dinamización lingüística*, concepto do que podemos precisar dous sentidos non sempre equivalentes. Nun sentido amplo, a dinamización lingüística enténdese como o conxunto de actividades normalizadoras encamiñadas cara á extensión do uso lingüístico e á sensibilización da poboación coas propostas normalizadoras. Nesta acepción oponse a corrección, traducción e a todas aquelas actividades que non teñan a finalidade de promover o uso e o cambio actitudinal.

Nun sentido máis restrinxido, a dinamización defínese como o proceso de promoción dun cambio lingüístico nunha organización, proceso que será vehiculado mediante o emprego integrado de tódalas actividades que faciliten tal cambio, por exemplo, a formación, a elaboración do corpus, a sensibilización lingüística, etc. Nesta segunda acepción, o concepto de dinamización racha coa separación clásica entre actividades dirixidas ó corpus e ó estatus, distinción que na práctica das actividades dinamizadoras carece de sentido.

Se acudimos á definición que fai Solé (1991), vemos que a dinamización lingüística consiste na “*aplicación sistemática dun conxunto de estratexias, técnicas e recursos que permitan xerar, xestionar e avaliar un proceso participativo de cambio lingüístico nun colectivo determinado e definido por unhas características comúns*”. Desta definición podemos tirar un obxectivo

xeral da dinamización (conseguir un cambio lingüístico), un destinatario (o colectivo previamente definido), e un obxecto de traballo (a xeración, xestión e avaliación do proceso dinamizador).

O obxectivo xeral da dinamización lingüística, a partir do visto no parágrafo anterior, debe consistir en promocionar e consolidar uns usos lingüísticos que garantan a comunicación na lingua dinamizada entre os membros do colectivo ou organización, sendo estes os destinatarios das accións dinamizadoras. Sen embargo, contra o que podería parecer *a priori*, a dinamización non se presenta como unha ruptura entre a intervención no corpus e no estatus. As actividades dinamizadoras supoñen unha intervención consciente en tres liñas fundamentais de traballo:

(i) accións que tendan a promover actitudes favorables ó cambio lingüístico;

(ii) accións tendentes á promoción e á regulamentación do uso social da lingua;

(iii) actividades de extensión dos coñecementos lingüísticos. Para que se poidan aborda-los tres aspectos subliñados, cómpre desenvolvermos tódolas actividades necesarias, e en moitos casos será necesaria a presenza de actividades de formación ou de actividades e accións de elaboración formal da lingua¹⁴.

Con respecto ós destinatarios das accións dinamizadoras, pátense do concepto de “organización”, termo que engloba o conxunto de individuos que forman unha entidade particular. Neste sentido unha organización pode ser unha empresa, unha sociedade gastronómica, unha entidade deportiva ou a Casa do Concello. A idea que subxace neste destinatario global é que as accións normalizadoras non son individuais senón que polo contrario deben estar dirixidas cara a colectivos particulares.

E con respecto ó obxecto de traballo, a dinamización lingüística debe consistir na posta en práctica das tres partes básicas de calquera proceso ou proxecto: a xeración do plano dinamizador, a execución das actividades e das accións segundo a periodización contemplada no plano, e finalmente a avaliación parcial e final dos resultados das accións levadas a cabo.

¹⁴ Pensemos que un dos obxectivos xerais da dinamización é que se garanta a dispoñibilidade de modelos lingüísticos axeitados para o uso da lingua. Para esa finalidade é preciso xa que logo que se traballe tamén na liña de elaborar e potencia-la forma lingüística.

Tendo en conta as definicións e mailo alcance da dinamización lingüística, imos analizar algúns dos elementos que deben estar presentes nas prácticas dinamizadoras da lingua galega, aspectos que presentamos en forma de recomendacións xustificadas e de reflexións abertas encamiñadas á xestión de planos de normalización concretos. Pero antes de entrar nestes elementos, as actividades dinamizadoras insírense na busca de cambios na realidade social e nos comportamentos lingüísticos de diferentes grupos humanos, e para iso é necesario considerar algúns aspectos concretos.

2.2. Elementos para as prácticas dinamizadoras

A dinamización está enmarcada entre dous planos extremos que cómpre salientar e definir con certa precisión. Un dos obxectivos centrais da dinamización é tentar incidir nos comportamentos lingüísticos públicos e interpersoais, comportamentos moi fixados cultural, social e interactivamente. Ademais de tentar incidir nos comportamentos lingüísticos públicos, a actividade dinamizadora insírese nunha realidade social e lingüística que non é algo inmutable nin se presenta como un feito temporal e socialmente estático.

Analizando o primeiro aspecto sinalado no parágrafo anterior, un dos obxectivos principais da acción dinamizadora é incidir sobre o cambio nos comportamentos públicos e interpersoais, mentres que a esfera dos usos e comportamentos íntimos ou particulares de cada individuo quedan necesariamente fóra dos nosos obxectivos de traballo. Polo tanto, é necesario salientar que o que debemos pretender no noso labor entra dentro do campo de acción dos comportamentos sociais, e para iso hai que ter en conta tres aspectos¹⁵: en primeiro lugar, no momento de decidir unha acción pública, todo individuo ten presente a interpretación que dese acto realizan os outros individuos. É dicir, as presuposicións sociais e interpersoais que se basean na experiencia social anterior interveñen en todo acto comunicativo. En segundo lugar, as condutas sociais adoitan ser “subconscientes” e estar amplamente “rutinizadas”. É dicir, os falantes actúan cun nivel baixo de consciencia sobre a actividade verbal que desenvolven. E en terceiro lugar, se hai posibilidades reais de cambio, o individuo debe decatarse de que a asunción do cambio comporta vantaxes claras, ou que mediante o cambio que se realiza pode gañar máis do que acadaría se non

¹⁵ Tal como apunta Bastardas (1992, pp. 42-43).

o adopta. Polo tanto, os comportamentos sociais mudan lentamente, e os resultados de moitas accións dinamizadoras poden ter efectos a medio prazo.

Con respecto ó segundo aspecto subliñado arriba, a realidade social dun colectivo non é algo pechado nin inmutable. Polo tanto, o labor do dinamizador, como o de calquera axente social ou cultural, debe tentar busca-los mecanismos para modifica-la realidade cara ó que considera óptimo. Deste xeito o axente dinamizador ten que asumi-la realidade sociolingüística como algo que debemos modificar, e non como un constructo acabado e sen posibilidade de modificación ou de cambio. A realidade que, por exemplo, nos ofrece unha enquisa sociolingüística non debe representar para o dinamizador máis que o punto de partida dunha realidade coa que debemos contar, pero de ningunha maneira debemos interpretala como unha situación irreversible. A consecución dos obxectivos dun plano de dinamización nunha determinada entidade xera unha dinámica lingüística e social que ten que tentar modifica-la realidade lingüística desa entidade e dos seus membros.

Xa que entendémo-la dinamización como o artellamento dun conxunto de iniciativas destinadas á modificación da conducta lingüística nun colectivo ou nunha organización, para incidiren nese cambio lingüístico os axentes que artellan os elementos de intervención social e lingüística deben poñer tódolos medios precisos sempre de acordo coas necesidades sociolingüísticas detectadas no colectivo de que se trate. Polo tanto, antes da xeración de calquera plano de actuación cómpre unha análise en profundidade do colectivo ó que van ir dirixidas as actividades e accións dinamizadoras.

En primeiro lugar, é preciso unha delimitación pormenorizada dos ámbitos concretos de actuación dinamizadora, de acordo coas prioridades establecidas e os medios, sobre todo humanos e económicos, dos se pode dispoñer, e tamén en función da incidencia e rendibilidade social das intervencións. Xa que os medios humanos, económicos e materiais van ser sempre cativos e limitados, cómpre ter moi claras as prioridades e polo tanto é necesario desenvolver accións que, tendo calado social, se poidan levar adiante con certas garantías de éxito. As frustracións que provocan iniciativas ambiciosas en exceso e que non se dan rematado inciden con frecuencia nunha desmobilización e apatía que poden frustrar iniciativas colectivas futuras.

Outro aspecto directamente relacionado con isto é a necesidade de coñecer polo miúdo a dinámica social, laboral e mesmo persoal, do ámbito organizativo no que se vai intervenir, xa que tal coñecemento de primeira man e en profundidade

aforrará tempo e permitirá centrar puntos clave e centrais do labor dinamizador. Con respecto a isto convén sen embargo ter presentes as seguintes observacións:

a) sempre que sexa posible é interesante dispoñer de datos de tipo cuantitativo e cualitativo. Para eso debemos levar adiante unha recollida de datos que sexa asumible humana e economicamente, e que aporte datos sinxelos e manexables, centrados soamente nos aspectos que poidan interesar para os nosos obxectivos dinamizadores, fuxindo polo tanto de traballos de campo caros, moi longos, e que aportan moita información inservible para as nosas tarefas de dinamización.

b) pode ser metodoloxicamente moi útil empregar instrumentos de observación participativa. A observación participativa é unha técnica de recollida de datos que pode facilitar e mellora-la participación dos axentes dinamizadores nas actividades do colectivo no que se vai intervir. O coñecemento das dinámicas internas permitirá un achegamento máis completo á textura e ós compoñentes principais do colectivo, así como ás principais necesidades de normalización.

c) outro aspecto certamente importante é o coñecemento dos axentes sociais centrais e dos persoeiros con influencia que poden axudar na configuración das actividades dinamizadoras e que poidan influír poderosamente no éxito ou no fracaso das iniciativas.

Nestes aspectos subliñados está presente tamén outro elemento de reflexión non menos importante: a necesidade de dispoñer dun plano de actuación claramente desenvolvido e estruturado temporalmente. A dinamización supón contar *a priori* cun plano de intervención programado no cal debe figurar todo o desenvolvemento da acción dinamizadora. Con respecto á organización e á delimitación do plano, cómpre ter en conta algúns aspectos. Hai que establecer planos que os axentes normalizadores poidan realizar de principio a fin. Ademais, cómpre fuxir do rutinarismo na elaboración dos planos, na medida en que cada organización, colectivo, entidade, etc. ten a súa propia dinámica (que hai que coñecer de antemán para planificar en función desas características). Hai que evitar tamén a excesiva burocracia, no sentido, por exemplo, de papeleo innecesario, sendo flexibles na medida do posible coa implementación do programa dinamizador. Finalmente, é necesario contar nas distintas fases do programa cun apartado dedicado á avaliación, para garanti-lo cumprimento dos distintos obxectivos do programa. Polo tanto, debemos artellar planos dinamizadores realizables, que se adecuen á organización ou colectivo que imos

“dinamizar”, que a aplicación do plano sexa flexible, e que avaliemos continuamente a posta en práctica das actividades e dos seus resultados.

Ademais da organización e delimitación do plano, outro aspecto para a reflexión que podemos propoñer aquí consiste en que a dinamización suporá incidir principalmente nas actividades de promoción da lingua galega no tocante á extensión do uso, actividades que serán completadas coa formación, asesoramento, etc, dado o carácter integrado e globalizador que ten unha actividade dinamizadora no seo dun colectivo ou organización. Con todo, a dinamización supón polo tanto pensa-las accións de extensión do uso en termos de intervención social e de animación cultural. Este feito ten relevancia xa que actualiza a necesidade de ter en conta aspectos ós que os técnicos normalizadores poden con frecuencia non estar afeitos.

Con este esquema de traballo, cómpre volver de novo ó concepto de organización para definírmolo con máis precisión e observármolo seu alcance. Desde os servicios de normalización lingüística que traballen en empresas e sobre todo en entidades locais, os obxectivos dinamizadores non deben situarse nin principal nin unicamente no núcleo da organización de que se trate(a casa do concello no caso de entidades locais, as oficinas ou administración central no caso de empresas), xa que o alcance e a efectividade das actividades poden quedar coutados en exceso. A perspectiva dinamizadora centrada na organización, que consideramos axeitada dadas as necesidades dese tipo de entidades, pode recortar sen embargo unha visión da normalización máis enraizada no concepto de comunidade e de identidade local, perspectiva que debe ser desenvolvida prioritariamente no caso da dinamización lingüística en entidades locais.

Finalmente, hai que ter presentes en todo o proceso diferentes aspectos de negociación. A seducción e o convencemento son os dous elementos que deben primar no labor de posta en marcha e de aplicación directa dun plano de dinamización. Sabemos que contamos cun ordenamento legal que afortala a nosa posición e garante a legalidade das nosas actividades, pero ademais de contar coa razón legal e coa lexitimidade histórica temos que actuar sempre coas doses necesarias de negociación, de maneira que os colectivos dinamizados asuman un plano normalizador como un obxecto beneficioso e modernizador. Para iso é necesario botar man de tódolos recursos e técnicas de persuasión e convencemento a partir da asunción dos beneficios e da rendibilidade que supón

a integración do colectivo dinamizado nun programa de dinamización. En definitiva, que os dinamizados vexan na dinamización un proceso amigable, lóxico e modernizador.

Tódolos elementos que acabamos de sinalar son, desde a nosa perspectiva, centrais no labor dinamizador que podemos propoñer como alternativa a dinámicas de funcionamento excesivamente atomizadas e pouco centradas en colectivos e públicos diferenciados. Cómpre ter en conta ademais a relevancia que ten a contextualización do labor dinamizador no seo dos distintos colectivos, e a realidade sociolingüística dos colectivos e dos grupos sociais ós que se dirixen as actividades dinamizadoras. Facendo un resumo,

Para finalizar esta reflexión sobre as prácticas dinamizadoras, non podemos obviar dous aspectos que adquiren certa relevancia cualitativa ó seren analizados á luz das consideracións que realizamos nas páxinas anteriores: as relacións entre a dinamización sociolingüística e a socio-cultural, e a relación entre lingua e comunidade.

En primeiro lugar, as interrelacións entre dinamización lingüística e a animación ou dinamización socio-cultural. O que poderíamos apuntar neste terreo é que cómpre situa-la dinamización lingüística (entendida como as actividades que dinamicen o proceso de recuperación da lingua galega) no proceso de construción dunha identidade social moderna e superadora dos estigmas de ruralidade e de atraso vencellados secularmente coa lingua. É dicir, situa-lo horizonte da normalización lingüística no proceso máis xeral de normalización social e cultural do país. Outras reflexións, como poden se-la vertebración do labor lingüístico no socio-cultural e viceversa, así como a operatividade ou os intereses prácticos en deslindar ámbolos campos de traballo, son temas que requiren unha análise máis detida¹⁶.

En segundo lugar, e moi vinculada á reflexión do parágrafo anterior, a relación entre lingua e comunidade. Esa é unha liña de actuación que consideramos prioritaria, polo menos desde a perspectiva do traballo nas entidades locais, pero tamén nas laborais. Ás veces se tende a confrontar aquelas perspectivas normalizadoras baseadas na comunidade en contra das centradas nas organizacións. Desde o noso punto de vista son formulacións compatibles que representan centros de interese complementarios e mutuamente necesarios. A

¹⁶ Véxase, por exemplo, a reflexión que fai Solé (1991) sobre as relacións e sobre as diferencias conceptuais e prácticas entre a dinamización socio-cultural e a lingüística.

incidencia na dinamización nas comunidades céntranse no uso expresivo e comunitario, e remite á recuperación das identidades locais. Os destinatarios será a colectividade en xeral, aínda que por motivos de artellamento das intervención cumprirá cingui-lo universo a unidades máis tanxibles e manexables. O obxectivo xeral será presenta-la lingua como un trazo básico da identidade colectiva da sociedade, e incidir en usos lingüísticos que remitan a ese tipo de referentes colectivos.

Pola súa parte, a incidencia da dinamización nas organizacións céntrase nun plano funcional e instrumental, e estará orientada principalmente a resolver problemas lingüísticos tanto de uso coma de coñecementos individuais e colectivos concretos. Os destinatarios serán colectivos e individuos concretos como membros dunha organización determinada, e o obxectivo das actividades normalizadoras irán encamiñadas á galeguiza-los usos lingüísticos nese colectivo determinado.

Como xa comentamos arriba, ámbalas perspectivas non só son compatibles senón que nos parecen de abondo necesarias para que o obxectivo xeral de cumprimento do proceso de normalización teña éxito.

Neste traballo tentamos destacar dúas cuestións: 1) a perspectiva que está a enmarca-lo traballo normalizador da lingua galega actual, e 2) a perspectiva que debería fundamentar un enfoque normalizador máis axeitado ás necesidades e sobre todo ó futuro da lingua galega e dos seus usuarios, actuais ou futuros.

A dinamización lingüística, recollendo o que sinala Solé (1991, p. 153), debe permitir darlle ó proceso de normalización lingüística da lingua galega un enfoque que vehicule tres cambios de perspectiva ou “saltos” cualitativos: o salto do sentido común e da intuición á planificación, da disgregación á coordinación, e do voluntarismo á profesionalidade.

Con seguridade, a intuición, a disgregación e mailo voluntarismo son tres aspectos que definen a xestión normalizadora que se está a producir na Galicia dos noventa. A pesar das virtualidades innegables nunha xestión normalizadora con esas características, non estará de máis ir afondando noutros vieriros que teñan en conta liñas de análise e de reflexión como algunhas das que comentamos nestas páxinas.

Referencias Bibliográficas

- Ammon, Ulrich; Norbert Dittmar & Klaus J. Mattheier (eds.) (1988), *Sociolinguistics: an international handbook of the science of language and society*, (volume 2), Berlín, Mouton.
- Appel, René & Pieter Muysken (1987), *Language contact and bilingualism*, Londres, Edward Arnold.
- Aracil, Lluís (1982), *Papers de sociolingüística*, Barcelona, La Magrana.
- Argente, Joan A. (ed.) (1992), *Debat sobre la normalització lingüística*, Barcelona, Institut d'Estudis Catalans.
- Ayestarán, M. & J. De la Cueva (1974), *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974*, Sevilla, Instituto de Ciencias de la Familia.
- Aymà, J. (1992), *Allò que no se sol dir de la normalització lingüística*, Barcelona, Empúries.
- Bastardas, Albert (1992), "Comportament lingüístic i canvi social", en J. Martí i Castell (ed.) (pp. 41-63).
- Bastardas, Albert (1994), "Sociolingüística aplicada i planificaci3n lingüística", en Direcci3n General de Política Lingüística (1994) (pp. 7-11).
- Branchadell, Albert (1987), "Normalització lingüística: el concepte", *Límits*, 3, pp. 21-43.
- Bouzada, Xan M. & Anxo M. Lorenzo (en realizaci3n), *Análise multidimensional dos procesos de normalizaci3n lingüística: ámbitos locais e socio-laborais*.
- Cabré, M^a Teresa (1991), "Els serveis lingüístics: definició i estructura", en Direcci3n General de Política Lingüística (pp. 19-28).
- Cobarrubias, Juan (1988), "Normalizaci3n y planificaci3n lingüística en el País Vasco", *Euskara Biltzara-Congreso de la Lengua Vasca* (Tomo II), Vitoria-Gasteiz, Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco (pp. 145-172).
- ***Del Campo, S., Navarro, y Tezanos (1977),

- Direcció General de Política Lingüística (1991), *Primera trobada de serveis lingüístics*, Barcelona, Departament de Cultura de la Generalitat de Barcelona.
- Direcció General de Política Lingüística (1994), *Actes de la segona trobada de sociolingüistes catalans*, Barcelona, Departament de Cultura de la Generalitat de Barcelona.
- Falcón, Xabier (1994), “Teoría de la planificación lingüística”, en Direcció General de Política Lingüística (pp. 24-32).
- Fasold, R. (1984), *The sociolinguistic of society*, Oxford, Basil Blackwell.
- Ferguson, Ch. A. (1959), “Diglossia”, *Word*, 15, pp. 325-340.
- ***Fernández, Mauro (1993), “La lengua gallega en los espacios urbanos”, *Plurilinguismes*, número 6, pp. .
- Fernández Rodríguez, Mauro (1995), “Los orígenes del término diglosia: historia de unha historia mal contada”, *Historiographie*, volume XXII, nº 1/2 , pp. 163-195.
- Fernández Rodríguez, Mauro & Modesto A. Rodríguez Neira (coords.) (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Fernández Rodríguez, Mauro & Modesto A. Rodríguez Neira (coords.) (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Kennedy, C. (ed.) (1983), *Language planning and language education*, Londres, George Allen & Unwin.
- Lamuela, Xabier (1994), *Estandarització i establiment de les llengües*, Barcelona, Edicions 62.
- Marí, Isidor (1992), *Un horitzó per a la llengua, Aspectes de la planificación lingüística*, Barcelona, Empúries.
- Martí i Castell, J. (ed.) (1991), *Processos de normalització lingüística: l’extensió d’ús social i la normativització*, Barcelona, Columna Edicions.
- Monteagudo Romero, Henrique (ed.) (1995), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia.

- Rodríguez Yañez, Xoán Paulo (1993), "Quelques réflexions à propos de la sociolinguistique galicienne", *Plurilingüismes* (número monográfico *Sociolinguistique Galicienne*), n° 6, pp. 225-258.
- Solè i Sanosa, Mercè (1991), "Dinamització cultural i lingüística", en Direcció General de Política Lingüística (pp. 77-86).
- Vaamonde, A. (coordinador) (1996, a saír), *A lingua na Universidade de Vigo. Análise sociolingüística da lingua galega nos profesores, PAS e estudantes*, Vigo, Servicio de Normalización Lingüística.
- Xove Ferreiro, X. (1994), "Do designado á expresión: a perspectiva onomasiolóxica no ensino da lingua sobre o exemplo da cuantificación", *Cadernos de Lingua*, 10, pp. 61-87.

